ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

FICHA DA ACTIVIDADE FORMATIVA
IE23005

1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: O dereito da competencia e a protección dos consumidores

CONVOCATORIA: Convocatoria 1º semestre Instituto de Economía Pública de Galicia (IEP)

GRUPO: Economía Pública (Formación Contínua)

ÁREA: Réxime xurídico e actividade financeira das administracións públicas

CUALIFICACIÓN:	APROVEITAMENTO	**PLAN:**	F. FINALISTAS	**HORAS:**	30
ADMINISTRACIÓN:	AU|LO|UN	**ESTADO:**	CONVOCADO	**ANO:**	2023
MOD.IMPARTICIÓN:	TELEFORMACIÓN	**TIPOLOXÍA:**	XERAL	**EDICIÓNS:**	1

DATA MATRÍCULA: Do 18/02/2023 - 09:00h ao 27/02/2023 - 23:55h

2. DESCRICIÓNS

DESCRICIÓN CURSO

O artigo 38 da Constitución Española recoñece a liberdade de empresa no marco dunha economía de mercado e a garantía e protección desta polos poderes públicos, de acordo coas esixencias da economía xeral e, no seu caso, da planificación. A existencia da economía de mercado disciplina a actuación das empresas e reasigna os recursos produtivos a favor dos operadores ou as técnicas máis eficientes. Esta eficiencia produtiva trasládase ao consumidor na forma de menores prezos ou dun aumento da cantidade ofrecida dos produtos, da súa variedade e calidade, co conseguinte incremento do benestar do conxunto da sociedade.
Neste contexto, existe un acordo xeneralizado con respecto á crecente importancia da defensa da competencia, que se consolidou como un dos elementos principais da política económica na actualidade. Dentro das políticas de oferta, a defensa da competencia complementa a outras actuacións de regulación da actividade económica e é un instrumento de primeira orde para promover a productividade dos factores e da competitividade xeral da economía.
Resulta preciso coñecer un sistema que, sin intervir de forma innecesaria na libre toma de decisións empresariais, permita contar cos instrumentos axeitados para garantir o bo funcionamento dos procesos de mercado.

DESTINATARIOS

Empregados/as públicos/as da Administración autonómica e local e das universidades do Sistema universitario de Galicia.
Está exceptuado o persoal docente da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades; o persoal das escalas dos corpos da Policía de Galicia, Policía local e bombeiros e o persoal do Servizo Galego de Saúde. Non se entende por tal o persoal empregado público da escala de saúde pública e Administración sanitaria creada pola Lei 17/1989, do 23 de outubro, de creación de escalas de persoal sanitario ao servizo da Comunidade Autónoma de Galicia.

PROGRAMA

Módulo I. O dereito da competencia.
- Competencia, eficiencia e economía de mercado
- Réxime xurídico: normativa comunitaria europea e española
- O marco institucional. Comisión europea, CNMC e autoridades autonómicas

Módulo II. As condutas prohibidas.
- Cárteles e intercambios de información. Análise particular doutros acordos de cooperación entre competidores.
- Abuso de posición dominante: posición de dominio. A posición dominante conxunta e o control dos oligopolios. Concepto e tipos de abuso. Abusos de exclusión. O problema dos prezos excesivos. Condutas abusivas nos mercados dixitais.
- O falseamento da libre competencia por actos deleais.

Módulo III. A aplicación das prohibicións.
- Procedementos ante a CE e a CNMC: prazos, fases, acceso; mecanismos de investigación; facultades da autoridade da competencia; sancións. Revisión xudicial. O procedemento de clemencia.
- A aplicación privada: a nulidade. Indemnización de danos. A directiva 2014/104/UE e a súa trasposición ao Dereito español.
- Promoción da competencia: función divulgativa. Promoción da cultura da competencia. Programa de cumprimento (compliance).

Módulo IV. O control de concentracións
- Normativa aplicable: orixe e evolución
- Concepto de concentración: adquisición do control; cambios na natureza do control: empresas en participación.
- Concentracións e economía dixital. Plataformas dixitais: efectos de rede e big data.

CRITERIOS DE SELECCIÓN
Criterios xerais da EGAP.

3. DATOS EDICIÓNS

T01		
LOCALIDADE: TELEFORMACIÓN		**INICIO / FIN:** 24/04/2023 a 24/05/2023
NUM. PRAZAS: 50	**ESTADO:** NORMAL - (DIPLOMAS EM.)	**DATA EXAME:** 29/05/2023 ás 17:00h
DOCENTES NOMEADOS		
DANIEL NEIRA BARRAL		
LUGAR DE REALIZACIÓN		
Exame final en liña.		